

FICHA DUNHA PLANTA/ ÁRBORE

NOME CIENTÍFICO:

NOME COMÚN:

ORIXE:

DESCRIPCIÓN (Características: cor, flores, froitos, sementes, onde vive, floración,...)

USOS:

COIDADOS:

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- **LER UN LIBRO/CONTO QUE CHE GUSTE E ESCRIBIR UNHA OPINIÓN SOBRE O MESMO:**
- Escribe se che gustou ou non e explica *por que*. Escribe as razóns en que baseas a túa opinión, utilizando palabras coma estas:
 - o *Por un lado, creo que... Por outra banda... Ademais...*
- Utiliza unha linguaxe correcta.
- Ao rematar, repasa o texto e pásao a limpo deixando as marxes axeitadas.
- Comproba se o texto responde a estas preguntas:

Está clara a opinión do que escribiches? Son razoables os motivos polos que pensas deste xeito?

Está escrito de forma repectuosa?

- **ESCRIBIR UN DIARIO**
- Para recordar o que nos sucede cada día, ou as ideas e sentimentos que nos xorden, podemos escribir un diario. O diario sóese escribir nun caderno que se usa só para eso.
- Elixe o idioma en que o queres escribir (galego, castelán,...)

- Pensa como vas contar o que che sucedeu. Podes facelo dirixíndote ao diario con fórmulas como “O meu querido diario”. Tamén podes contar o que che pasou sen dirixirte a ninguén.
- Escribe a data do día ao que te refires ao comezo do texto.
- Lembra que contas algo que fixeches ou que che pasou a ti. Utiliza para eso a primeira persoa: *Fixen, estiven, pensei...*
- Procura ser orixinal na forma de presentar o teu diario e escribir con letra clara, así lembrarás mellor o que pasou cando o releas. Podes incluír un poema, un debuxo, un chiste... para acompañar o texto que escribas.
- Rele e corrixe o que escribiches: comproba que incluíches todos os detalles que querías contar e que non cometeches faltas.

- **ESCRIBIR UNHA POESÍA**

Escolle unha temática que che guste. Algunhas suxerencias (a natureza, o cambio climático,...).

- o Lembra que dous versos riman cando a última palabra de un deles rima coa última palabra do outro.
- o Dúas palabras riman canto teñen iguais as vogais a partir da última sílaba acentuada.
- o Ponlle un título
- o Fai un debuxo relacionado con ela.

COMO BUSCAR UNHA SOLUCIÓN A UN PROBLEMA MATEMÁTICO

Le ben o problema. Rele se é preciso.

1. Comprende

- Busca os datos do problema.

Podes poñelos nun apartado e/ou subliñalos no problema.

Ordénaos.

- Busca a pregunta que che fan.

2. Pensa que hai que facer

Para elo podes facer un debuxo esquemático do problema.

3. Calcula

Ten en conta que podes ter que facer máis dunha operación. Antes de empezar a operar, pensa que operación/ns vas ter que facer.

Contesta na solución polo que che preguntan.

4. Comproba

Revisa se está ben resolto e ten sentido o resultado que che da.

Podes usar a calculadora para comprobar.